



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA 012016

ANUNCIO CSA 012016

ANUNCIO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO “LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS”

Polo presente anuncio faise pública a acta da Mesa de contratación, na sesión nº 11 celebrada o día 20 de decembro de 2016, ás 14:30 h

ACTA Nº 11 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO “LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS”

Aprobación da composición: Resolución 27/09/2016

Publicación: perfil do contratante www.zasdixital.eu

Data de publicación: 05/10/02016

Zas, 20 de decembro de 2016.

Reunidos no despacho de Alcaldía da Casa Consistorial, ás 14:30 horas, os seguintes integrantes do Tribunal cualificador:

Presidente: Don Manuel Muíño Espasandín, alcalde do Concello.

Secretaría: D^a M^a Susana Otero Pazos, tesoureira do Concello de Zas.

Vogal 1: Dona Laura Rodríguez Arranz, interventora do Concello de Zas.

Vogal 2: Don Fernando Garrido Muíño, arquitecto técnico do Concello de Zas.

Vogal 3: Dona María Garrote López, secretaria do concello.

En primeiro lugar a Mesa de Contratación lee o acordo de 28/11/2016 :

Primeiro: En relación á documentación presentada por D^a Esther Pardiñas Pose correspondente ao Lote 2 a mesa acorda que non se acreditou correctamente a solvencia técnica e que, polo tanto, non reúne os requisitos para ser adxudicatario do citado Lote 2.

En segundo lugar a Mesa lee escrito de 02/12/2016 presentado por dona Maria Esther Pardiñas Pose:

“D^a, M^a Esther Pardiñas Pose con DNI 79314154B e domicilio en Zas, na rúa Agra dos Cregos, 41, 2º iz, C.P. 15850, actuando en nome propio e en relación co contrato de execución do servizo de LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.

EXPÓN:

Que en data 01/12/2016 publicouse no perfil do contratante da páxina web do concello de Zas no apartado correspondente a “Procedemento: Contrato de Servizos Limpeza Edificios Municipais” anuncio nº CSA 012016 da mesa de contratación no que se indica que como adxudicataria do lote 2 non se acredita correctamente a solvencia técnica e, polo tanto, non reúno os requisitos para a dita adxudicación.

Solicitada información pola cal se da como incorrecta a solvencia técnica, se me indica “que os traballos certificados foron realizados ou rematados en datas posteriores á data na que finalizaba o prazo de presentación de plicas e que por este motivo non se poden aceptar como válidos a efectos de xustificar a solvencia técnica”.

Nos pregos das bases que rexen o contrato indican “traballos realizados nos últimos 3 anos” pero non indica que datas deben comprender os tres últimos anos, como en cambio si indica no punto A-1 correspondente á alta no IAE que indica claramente que se debe estar dado de alta no epígrafe correspondente con “carácter previo á data fin de prazo de presentación de plicas do presente procedemento”.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA 012016

Con tal motivo, as datas comprendidas dos últimos 3 anos poden entenderse en relación á data de finalización de plicas, resolución da alcaldía de aprobación de pregos, data da publicación no BOP da Coruña, data de adxudicación do contrato, etc.

E polo anteriormente exposto que:

SOLICITA:

-Que se revise o meu expediente, debido a que hai un erro de interpretación e aplicación das bases por parte da mesa de contratación.

- Que se dea por válida a acreditación da solvencia técnica presentada.

Zas, 2 de decembro de 2016 .Asdo. María Esther Pardiñas Pose

Á MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO "LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS"

Visto o escrito a Mesa procede a efectuar as seguintes consideracións:

Primeiro: Dona María Esther Pardiñas Pose basa a o seu recurso nun suposto defecto ou omisión dos pregos non indicar estes a data a que debe estar referenciada a solvencia .

Segundo: A cláusula 16 dos PCAP establecen como medio de acreditación da solvencia técnica:

"Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 3 anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado en relación con cada un dos lotes, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do lote."

Terceiro: Igualmente a cláusula 16 indica que soamente o adxudicatario proposto ten que presentar a documentación acreditativa da solvencia técnica. O mesmo indica a cláusula 12 do PCAP que establece" En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos."

Do exposto dedúcese que o momento de acreditación da solvencia e unha vez efectuado o requerimento do artigo 151.2 do TRLCSP.

Cuarto: Procede distinguir entre o momento da acreditación e o momento en que se teñen que cumprir os requisitos para contratar.

Quinto: O art. 146.4 do TRLCSP regula:

O órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 substitúase por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso bastará con esta declaración responsable nos contratos de obras con valor estimado inferior a 1.000.000 euros e de subministracións e servizos con valor estimado inferior a 90.000 euros.

A Cláusula 12 dos PCAP estableceu un modelo de declaración responsable. A dita declaración indica que o licitador " *cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración, de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCS*".

Dona María Esther Pardiñas Pose presentou declaración responsable mediante documento RE 1803/16, de 18 de outubro, na que indica que cumpre **coas con condicións establecidas para contratar coa administración**, de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCS.

Unha das condicións establecidas para contratar é a solvencia técnica (art. 146.1.b TRLCSP).



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA 012016

Por tanto, Dona Maria Esther Pardiñas Pose **declarou o 18/10/2016 que reunía as condicións para contratar coa administración nese momento, con independencia de que nun momento posterior aportase a documentación que así o acreditaba.**

A interesada presenta dous certificados sen data e unha relación con datas para acreditar a solvencia técnica. Por tanto, as datas dos traballos están referenciadas nunha relación, non nos certificados.

Incluso aún admitindo as datas da relación, éstas non son congruentes coa declaración responsable asinada o 18/10/2016. As datas que figuran na relación son as seguintes:

- Relación de traballos realizados do 17/10/2016 ao 22/10/2016
- Relación de traballos realizados do 24/10/2016 ao 31/10/2016.

Dado que a licitadora presentou a declaración responsable o día 18, día en que declara responsablemente que ten solvencia técnica, os únicos traballos a ter en conta pola mesa son os dos días 17/10/2016 e 18/10/2016.

A Mesa comproba que eses traballos non acreditan o "70 % do valor estimado estimado en relación con cada un dos lotes, ou da súa anualidade media se ésta é inferior ao valor estimado do lote" (cláusula 16)

Sexto: Por tanto, os pregos de cláusulas administrativas non son indeterminados e referencian a un momento concreto os requisitos de contratación. Os requisitos teñen que cumprirse no momento de presentación da declaración responsable, non podendo ser ésta presentada se non se cumpren.

En terceiro lugar a Mesa procede á apertura do sobre de documentación de M^a Elena Ramos Rey, que estaba proposta como adxudicataria do lote 1, e que contén os seguintes documentos:

13. Xustificante do ingreso bancario do aval.
14. Seguro de accidentes e compromiso de manter o seguro durante a duración do contrato.
15. Relación de traballos e Certificado de servizos prestados.
16. Certificado de alta no IAE.
17. Fotocopia compulsada do DNI.
18. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar coa administración pública.
19. Autorización de cesión de información relativa a obrigas tributarias.
20. Informe de estar ao corrente das obrigas tributarias co concello de Zas.
21. Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social.
22. Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT
23. Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia.
24. Certificado de que non consta información penal no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

Polo tanto, queda acreditada a capacidade de obrar, a solvencia económica e a solvencia técnica.

Considerando o exposto a mesa por unanimidade, ACORDA:

Primeiro: Ratificarse no acordo adoptado o 28/11/2016 no que se indica que Dona María Esther Pardiñas Pose non reúne os requisitos para ser adxudicatario do Lote 2.

Segundo: Propoñer como adxudicatario do Lote 1 a María Elena Ramos Rey



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA 012016

O presidente, levanta a reunión ás 15:04 h. e, para que quede constancia do tratado, eu, a secretaria, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Zas, a 21 de decembro de 2016.

A secretaria da Mesa de contratación.

A sinatura manuscrita da secretaria da Mesa de contratación, realizada en azul. É unha escritura cursiva e fluida que ocupa o espazo inferior da sección de sinatura.